

[REDACTED]

Reclamante: [REDACTED]

Expediente **RSCTG 0120/2017**

Correo electrónico: [REDACTED]

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

En resposta á reclamación presentada por [REDACTED] en nome e representación [REDACTED] mediante escrito do 30 de novembro de 2017, a Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. [REDACTED] en nome e representación [REDACTED] presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o día 30 de novembro de 2017, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, por entender desestimada por silencio unha solicitude de acceso á información por parte da Consellería do Mar.

O reclamante indicaba que solicitara o 29 de outubro de 2017 diversa documentación en relación aos premios economía azul GALP fondos FEMP.

O escrito viña acompañado da solicitude dixirida o 29 de outubro á consellería no que se solicitaba o seguinte:

1. Informes, convenios o contratos do I Premio Economía Azul no que se alugou a sala Einsenman da Cidade da Cultura.
2. Documentación dos GALP ou GAC de Galicia, copia das auditorías á luz da instrución 4 realizadas “ al amparo de Prioridade 4.O.T8.O.E. 4 a) e b) art. 60.1 y 63 FEMP de proxectos financiados por los GALP incluídos los costes de su propio funcionamento y animación con más incapié en el GAC1 Mariña Ortegale y GAC3 Costa da Morte, reconocidas por los informes exigibles en la cláusula vigésima junto al mismo sentido de la Orden del 24 de Mayo del año 2016 reguladora de las bases de concesión para los proyectos de las EDLP que también recoge en su art. 26.7 para cada uno de los proyectos justificados y que deben constar por ley en los registros
3. Subvencións e axudas públicas para financiar o premio.
4. Orzamentos, con descrición das principais partidas orzamentarias e información actualizada e comprensibel sobre o estado de execución do premio.
5. Contas anuais e informes de auditoría de contas e fiscalización por parte dos órganos de control sobre os GALP de Galicia emitidos.
6. Retribucións percibidas anualmente polos invitados oficiales e funcionarios públicos.
7. Informe xustificativo do financiamento das campañas e recursos dedicados para publicidade e ingresos dos rexistros.
8. Copia ou identificación do persoal dependente da consellería destinado a organizar o I Premio de Economía Azul no rexistro do evento e copia do convenio ao efecto.

Segundo. Con data 5 de decembro de 2017 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Consellería do Mar para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 7 de decembro de 2017.

A Consellería do Mar non informa nin remite o expediente.

Terceiro. Con datas do 18 e 28 de decembro de 2017 e 9 de xaneiro de 2018 recibíronse, para incorporar a este expediente, os seguintes documentos remitidos por [REDACTED]

- A. Escrito polo que o interesado mostra a disconformidade coa remisión da resolución da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro de concesión de acceso en relación aos premios Economía Azul do 28 de novembro de 2017. Esta resolución en resumo recolle a relación de empresas ás que se lle realizaron pagos polos servizos para o desenvolvemento dos premios:

EMPRESA	SERVIZO
FUNDACIÓN Cidade da Cultura	Alquiler de sala
Trece Pinos Restauración SL	catering
Emotive Neuromarketing Technologies	Difusión en redes sociais do certame
[REDACTED]	Producción, grabación e edición dos vídeos do evento.
El Cable Inglés, S.Coop. Gallega	Programación e coordinación do evento, deseño da imaxe e impresión de materiais, comunicación aos medios, recepción asistentes, guionización e conducción do evento.
[REDACTED]	Deseño e produción dos premios
Os gastos ascenden a 32.560,49 con fondos propios do proxecto contable 2015-577 da aplicación 2017 14 03 723C 640 640.1 constando a retención de crédito e as autorizacións de disposición de gastos, cuxos documentos contables se xuntan no anexo I.	

En relación á información solicitada sobre os GALP a resolución indica

“Todos los gastos amparados en el convenio firmado entre los GALP y la Consellería del Mar son auditados por un auditor externo inscrito en el ROAC. Los grupos presentan los gastos con sus correspondientes informes de auditoría trimestralmente lo que supone que a día de hoy existen más de 50 informes de auditoría.

Por otra parte, todas las solicitudes de pagos parciales y finales de proyectos cuentan con informes de auditoría firmados así mismo por auditores externos inscritos en el ROAC. A día de hoy se han concedido más de 400 proyectos al amparo de las EDLP aprobadas a los GALP lo que supone un volumen de informes de auditoría muy elevado.

Sería conveniente que detallara la demanda de información acotando el tipo de gasto, el GALP y el proyecto al que se refiere para poder enviar en un plazo razonable todos los informes solicitados.

Por ello, teniendo en cuenta que el personal del servicio de Desarrollo de la zonas de pesca se reduce a un total de 4 personas, resulta imposible recopilar todos los informes en el plazo establecido para responder a la solicitud de información por lo que, visto que de acuerdo con lo expuesto en el escrito, se solicita “con más hincapié” en los GALP A Mariña Ortegal y Costa da Morte”, adjuntamos los datos de auditoría de gastos de los convenios y de los proyectos que obtuvieron ayuda al amparo de las EDLP que hasta el momento han presentado justificación de estos grupos: como Anexo II (en formato digital).

Advertimos así mismo, que desconocemos si los datos que contienen los informes de auditoría pueden hacerse públicos por lo que sería necesario que, de no ser así, se eliminaran aquellos que no lo sean, con anterioridad al envío de los mismos al solicitante de información.”

A resolución indica así mesmo, que non existen subvencións ou axudas públicas para financiar o I premio economía azul, igualmente remite un Anexo III no que se xuntan os orzamentos e as principais partidas orzamentarias, se indica que os órganos de control aínda non emitiron os informes de auditoría de contas e fiscalización, se indica que ningún invitado foi retribuído pola asistencia e os gastos indemnizables o foron de acordo coa copia do Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón do servizo ao persoal con destino na administración autonómica de Galicia e a Instrución nº 2 de gastos indemnizables por desprazamentos por razón de servizos e axudas de custo. Estes documentos constitúen o ANEXO IV. En relación ao informe xustificativo do financiamento das campañas e recursos dedicados para publicidade e ingresos de rexistros para financiamento do premio dise:

“La información al público, el intercambio de buenas prácticas, las campañas de sensibilización y actividades de comunicación y difusión asociadas, tales como la organización de campañas publicitarias, eventos, premios, la creación y el mantenimiento de sitios web son imprescindibles para lograr el éxito del Desarrollo local participativo.”

A resolución continúa coa indicación de que non se realizaron convenios para a organización do evento. E que a organización correu a cargo das catro persoas – xefe de servizo, xefe de sección e xefes de negociados que forman parte do servizo de desenvolvemento das zonas de pesca. Finalmente indícase que : **“ Se advierte expresamente al solicitante, que la normativa de protección de datos personales será de aplicación al tratamiento posterior de los datos obtenidos a través del ejercicio del derecho de acceso.”**

Sobre esta resolución o reclamante indica que *“en nada se ha respondido a lo solicitado y que aclaramos y concretamos”*...remitiéndose para isto ao escrito dirixido á dirección Xeral de desenvolvemento pesqueiro, e que se centran en que:

- Os Galp polo artigo 3.1 b) LTAIPBG teñen a obriga de facer públicas e dar acceso á información das súas actividades que afectan ao seu exercicio de funcións públicas, e

- aplicables adicionalmente ás obrigas establecidas polo artigo 3.2 no tocante á información relativa á xestión de servizos públicos e ao uso de recursos procedentes de fondos públicos, así como ás retribucións dos seus directivos, porque o seu volume xeral de negocio está vinculado a actividades realizadas por conta de administracións públicas en exclusiva baixo fondos públicos da Xunta y FEMP.
- Que discrepa coa afirmación de que a administración “ *no dispone de toda la información solicitada, ... ya que la tutela que ha de ejercer sobre los GALP, y que le atribuye la Ley...comprende el control de la legalidad de los actos referidos a la constitución, la organización y el procedimiento electoral, y también los actos que impliquen el ejercicio de funciones públicas por parte de los GALP de Galicia*”
 - Queixase de que as subvencións e axudas “*están ausentes totalmente de los sitios web que se poderían consultar, en aplicación das obrigas de publicidade activa establecidas pola lexislación de transparencia e de subvencións públicas Lei 38/2003, de 17 de novembro*” Para o reclamante todo isto deixa clara evidencia da falta dos debidos controles sobre os fondos europeos, o eventual acceso da persoa reclamante a toda a información solicitada “ *resulta que depende no sólo de si tal información está o no está en poder de la Dirección General de Desarrollo Pesquero, sino, además, de hasta qué punto este departamento tiene la responsabilidad de obtenerla y, en su caso, facilitarla*”.
 - Por tanto solicita que a Dirección Xeral lle exixa ao GALP 3:
 - a) “*Las subvenciones y ayudas públicas recibidas por el GALP 3, con indicación de su importe y objetivo, de la solicitud y de los documentos en que se basa, Debe facilitarse esta información en lo que atañe a las subvenciones otorgadas por la Dirección de Desarrollo Pesquero, en base a los artículos 3.2 y 15 LTAIPBG.*”
 - b) “*Los presupuestos, con descripción de las principales partidas presupuestarias e información actualizada y comprensible sobre su estado de ejecución. Debe facilitarse la información relativa a los presupuestos que Dirección de desarrollo Pesquero (debe) tener en su poder, en atención a sus funciones de tutela y también para verificar la correcta aplicación de sus subvenciones y para valorar si procede cumplir con el último inciso del artículo 3.2 LTAIPBG.*”
 - c) “*Las cuentas anuales y los informes de auditoría de cuentas y fiscalización por parte de los órganos de control externo que sobre ellos se hayan emitido. Copia de las actas donde conste la aprobación de las cuentas por la junta general. Debe facilitarse la información relativa a las cuentas que la Dirección de Desarrollo Pesquero (debe) tener en su poder, en atención a los mismos motivos señalados en el párrafo anterior.*”

- d) *Las retribuciones (dietas, pluses, suplementos, kilometraje, viajes, telefonía etc., percibidas anualmente por el presidente, sus cargos y vocales. La Dirección de Desarrollo Pesquero debería facilitar esta información, sobre la base de una aplicación extensiva del inciso final del artículo 3.2 LTAIPBG, ya que el 100% de los recursos del GALP se destina al ejercicio de funciones públicas, a la gestión de servicios públicos y financiado con cargo a fondos públicos.*
- e) *Copia de las actas y convenios que afecten a terceros. La Dirección de Desarrollo Pesquero debe exigir esta información al GALP y facilitarla a la persona reclamante si tales actas y convenios se refieren a actividades del GALP que comporten el ejercicio de funciones públicas, la gestión de servicios públicos y el uso de fondos o recursos procedentes de las Administraciones públicas. Por otra parte, si se trata de convenios de colaboración entre el GALP3 y administraciones públicas (Dirección de Desarrollo Pesquero), su publicidad viene exigida por las obligaciones de transparencia de las administraciones afectadas (artículo 14 LTAIPBG}*
- f) *Acuerdos y actuaciones encargadas al gabinete jurídico para asesorías y pleitos de los responsables del GALP3 con cargo a los fondos públicos o subvenciones del Gobierno o fondos europeos. La Dirección de Desarrollo Pesquero debe recabar al GALP3 esta información, y facilitarla a la persona reclamante, en la medida que las actuaciones jurídicas indicadas se financien, con cargo a subvenciones y dado que el GALP3 la única entrada de recursos son subvenciones públicas, esta obligado a hacerlo.*
- g) *Informe justificativo de la financiación de las campañas y recursos dedicados para publicidad e ingresos relacionados con el GALP3. La Dirección de Desarrollo Pesquero debe recabar al GALP3 esta información, y facilitarla a la persona reclamante, en la medida que las actuaciones publicitarias indicadas se financien, con cargo a subvenciones de la Xunta y fondos FEMP.*
- h) *Estatutos de cargos e identificación de las personas físicas que los representan: Presidente, Vicepresidentes, Secretario, Tesorero, Vocales, etc. La Dirección de Desarrollo Pesquero debe facilitar esta información a la persona reclamante, en base a lo previsto por los artículos 2.2 y 44 de la Ley 22/2002.*
- i) *Identificación de los miembros que integran el Consejo de Administración del GALP. lo solicitado por la persona reclamante es la identidad de las personas que integran el máximo órgano colegiado del GALP3 y la Dirección de Desarrollo Pesquero debe facilitársela, por lo previsto por los artículos 2.2 y 44 de la Ley 22/2002.*
- j) *Listado de cuentas bancarias de las que sea titular el GALP3 u otros bienes pertenecientes a el, con copia del extracto y tarjetas, teléfonos móviles, que*

hubiese con cargo a fondos públicos subvencionados por la Xunta, el Gobierno de España o los fondos FEMP, si son cubiertos con cargo a fondos públicos, y entendiéndose que el GALP3 no tiene ningún otro tipo de recursos.

- k) *Copia del contrato o acta que legitime al Presidente del GALP en su representación y cargo como Presidente, en nombre de quien lo hace y las actas o los documentos subsidiarios que lo justifiquen con el de informar sobre sus retribuciones, que deben considerarse incluidas en el apartado d anterior.*
- l) *Copia de las actas en las que se les niegan los servicios de las peticiones de información pública realizadas por [REDACTED] o en su caso se le requiera informe al efecto si es una decisión personal de su Presidente y existentes en el momento de esta petición. La Dirección de Desarrollo Pesquero debe requerir al GALP3 y facilitar a la persona reclamante esta información y la denegación de estos servicios afecte directamente a actividades de gestión de servicios públicos, de ejercicio de funciones públicas o de disposición de recursos públicos por parte del GALP y como bien conoce el instructor, la total actividad del GALP3 descansa sobre subvenciones públicas donde su principal obligación son la publicidad de sus acciones, caso de incumplirla la Dirección de Desarrollo Pesquero esta obligada a solicitar la total recuperación de las subvenciones públicas de Reintegro por Alcance.”*
- B. Escrito 28 de decembro de 2017 (registro de entrada no Valedor do Pobo do día 29) Con este escrito se remite unha copia de todos os anexos que acompañaban á resolución do 28 de novembro de 2017
- C. O escrito de 9 de xaneiro de 2018 (Rexistrado no Valedor do Pobo o día 10 de xaneiro) achega unha resolución de desistencia da Consellería do Mar por falta de identificación da información solicitada, que segundo o interesado está relacionado coa petición de 29 de outubro de 2017. A resolución da consellería indica que *“Los días 15 y 18 de diciembre de 2017 tuvieron entrada en la Sede Electrónica dos nuevas solicitudes de acceso a la información pública al amparo de la Ley 19/2013, de 9 de diciembre, de transparencia y buen gobierno, presentada por [REDACTED] y registradas la primera con el número de justificante 170112711685 y la segunda con el número pr1000A-2017/3074245.*

Una vez revisadas ambas solicitudes se advierte íntima conexión entre ellas por lo que de acuerdo con lo recogido en el artículo 57 de la Ley 39/2015 de 1 de octubre del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, se resuelve la acumulación de las mismas.

En ambas solicitudes el demandante expone que se trata de reiteración de la solicitud de documentación pública en relación al Expediente PR100A-20171029-5218 y de concreción de la misma diciendo:

“Que en relación al Expediente PR100A-20171029-521829 CUYA AMPLIACIÓN A LA REITERACIÓN **solicitud DE FECHA 15/12/2017 Justificante Firmado _170112711685, SE SUMA ESTA ampliación de FECHA 17 DE 12 DE 2017, y DENTRO DEL PLAZO CONFERIDO AL EFECTO PARA CONCRETAR INFORMACIÓN SOLICITADA Y A LA LUZ DE LA ENVIADA Y RECIBIDA EN ESTA [REDACTED] debemos alegar que, en nada se ha respondido a lo solicitado Y QUE ACLARAMOS Y CONCRETAMOS ASI. Esta es una nueva ampliación que se remitirá a la OLAF para anexar al expediente abierto al efecto, salvo contrario al perder la total confianza en las instituciones españolas como órganos de control de los fondos FEMP como se relatara a lo largo de este escrito”.**

A resolución remata coa declaración de desistencia pola falta de identificación da información solicitada.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

A lexislación aplicable a este procedemento vén configurada pola citada Lei 19/2013, do 9 de decembro, e pola Lei 1/2016, do 18 de xaneiro xunto coa lexislación básica en materia de procedemento administrativo.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública poderá interpoñerse unha reclamación perante o Valedor do Pobo; e o artigo 33 da mesma lei indica que corresponde á Comisión da Transparencia (órgano colexiado) a resolución das reclamacións fronte ás resolucións de acceso á información pública que establece o seu artigo 28.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro preceptúa que o procedemento se axustará ao previsto nos números 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro. Esta lei 19/2013, do 9 de decembro, sinala que estamos ante unha reclamación con carácter potestativo e previa á impugnación en vía contencioso-administrativa e que se axustará na súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida como *“os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións”*.

O artigo 12 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, configura o dereito de acceso á información pública de forma ampla, sendo titulares do mesmo todas as persoas. A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, sinala que o solicitante non está obrigada a motivar a súa solicitude de acceso á información (artigo 26.4).

Cuarto. Análise do expediente

A plataforma reclamante solicitou o 29 de outubro de 2017 unha información á Consellería do Mar en relación ao I premio Economía Azul y copia das auditorías dos GALP. A Consellería emite unha resolución o 28 de novembro de 2017.

O 30 de novembro de 2017 o interesado diríxese á Comisión da Transparencia e expresamente indica que o 29 de outubro de 2017 diversa documentación *“nos ha sido negada por silencio administrativo”*.

O expediente iníciase o 5 de decembro de 2017.

Os días 18 e 28 de decembro e o día 9 de xaneiro a plataforma reclamante remite nova documentación, en concreto a Resolución do 28 de novembro de 2017 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro de concesión de acceso á información solicitada con rexistro PR100A-20171029-521829.

O artigo 24. 2 da Lei 19/2013, do 9 de decembro indica que a reclamación interporase no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado, neste caso consta que o rexistro de saída da Consellería é o 29 de novembro de 2017, polo tanto a reclamación ante a Comisión da Transparencia foi presentada en prazo o 30 de novembro de 2017, polo que non se terá en conta a afirmación de que existe silencio por parte da Consellería do Mar.

Cómpre en primeiro termo analizar os diferentes escritos que [REDACTED] dirixe á Consellería do Mar, e as dúas resolucións ás que da lugar e relacionalo coa reclamación dirixida a esta Comisión de Transparencia.

A solicitude de información de 29 de outubro de 2017 da lugar a unha resolución de concesión da información por parte da Consellería do Mar o 28 de novembro de 2017. A información solicitada consiste en:

1. Informes, convenios o contratos do I Premio Economía Azul no que se alugou a sala Einsenman da Cidade da Cultura.
2. Documentación dos GALP ou GAC de Galicia, copia das auditorías á luz da instrucción 4 realizadas “ al amparo de Prioridade 4.O.T8.O.E. 4 a) e b) art. 60.1 y 63 FEMP de proxectos financiados por los GALP incluídos los costes de su propio funcionamento y animación con más incapié en el GAC1 Mariña Ortegale y GAC3 Costa da Morte, reconocidas por los informes exigibles en la cláusula vigésima junto al mismo sentido de la Orden del 24 de Mayo del año 2016 reguladora de las bases de concesión para los protectos de las EDLP que también recoge en su art. 26.7 para cada uno de los proyectos justificados y que deben constar por ley en los registros
3. Subvencións e axudas públicas para financiar o premio.
4. Orzamentos, con descrición das principais partidas orzamentarias e información actualizada e comprensibel sobre o estado de execución do premio.
5. Contas anuais e informes de auditoría de contas e fiscalización por parte dos órganos de control sobre os GALP de Galicia emitidos.
6. Retribucións percibidas anualmente polos invitados oficiales e funcionarios públicos.
7. Informe xustificativo do financzamento das campañas e recursos dedicados para publicidade e ingresos dos rexistros.
8. Copia ou identificación do persoal dependente da consellería destinado a organizar o I Premio de Economía Azul no rexistro do evento e copia do convenio ao efecto.

A resposta da administración consta nos fundamentos, é clara e adecuada ás preguntas formuladas o 29 de outubro de 2017, pois indica que os gastos se realizaron con fondos propios indicando a partida orzamentaria achegándolle incluso os documentos contables que garanten a tramitación administrativa. En canto á documentación sobre os Galp explícase cal é a información da que dispón a administración, explícase que só existen catro funcionarios para a xestión administrativa e indícase que sería conveniente que se detalle a demanda de información acoutando o tipo de gasto, o GALP e o proxecto e en todos caso se lle xuntan os datos de auditoría de gastos don convenios e dos proxectos que obtiveran axuda ao ampara das EDLP que ata o momento presentaran xustificación dos grupos. O resto da información

facilitada responde a todas as cuestións formuladas pola plataforma no escrito de 29 de outubro de 2017 ante a Consellería do Mar.

Neste caso e tal como fixo a Consellería non procedía a aplicación do disposto no artigo 19.2 da Lei 19/2013, do 9 de decembro que di que cando a solicitude non identifique de forma suficiente a información, pediráselle ao solicitante que a concrete nun prazo de dez días, con indicación de que, en caso de non facelo, se terá por desistido, así como da suspensión do prazo para ditar resolución. Isto é así porque na solicitude, tal como recoñece o propio reclamante nos escritos dirixidos á Comisión “está claro y conciso lo que pedimos y se nos niega”. Neste caso na resolución existe unha denegación parcial de información que se fundamenta en que *“a día de hoy se han concedido más de 400 proyectos al amparo de las EDLP aprobadas a los GALP lo que supone un volumen de informes de auditoría muy elevado. Sería conveniente que detallara la demanda de información acotando el tipo de gasto, el GALP y el proyecto al que se refiere para poder enviar en un plazo razonable todos los informes solicitados.*

Por ello, teniendo en cuenta que el personal del servicio de Desarrollo de las Zonas de Pesca se reduce a un total de 4 personas, resulta imposible recopilar todos los informes en el plazo establecido”.

Por tanto existe unha motivación clara e obxectiva para a denegación desa información, cunha indicación de como debe presentar as solicitudes para obter a resposta desa información e non perturbar o funcionamento do servizo.

Por isto mesmo, tampouco correspondía aplicar o disposto no artigo 20.1 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, en relación a unha posible ampliación do prazo para resolver por tratarse de información voluminosa ou complexa, pois a motivación está no feito de que resulta imposible recompilar a información co persoal existente polo que terá que pedirse no futuro para cada GALP, tipo de gasto e proxecto concreto.

Tras a resolución da consellería do mes de novembro, o interesado diríxese por segunda vez á Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro os días 15 e 18 de decembro de 2017 e di que no prazo conferido ao efecto quere coñecer o indicado nas letras a) a l) recollidas nos antecedentes de feito. Ante estas cuestións a consellería fai unha resolución de desistencia por falta de identificación da información solicitada.

Sobre os escritos de 15 e 18 de decembro de 2018 e a resolución de 5 de xaneiro de 2018 pola que a consellería do mar fai unha resolución de desistencia por falta de identificación da información solicitada, cómpre indicar que non se poden analizar no ámbito desta reclamación, porque aínda que o interesado e a consellería a relacionan coa petición de 29 de outubro de 2017 o certo é que se trata da petición de novos datos e por tanto debe dar lugar a unha nova resolución estimatoria ou desestimatoria, sen que poida ditarse unha declaración de desistencia por falta de identificación da información solicitada, posto que non consta que se lle dera un prazo de emenda da solicitude, nin tampouco que a plataforma desistira da petición, senón todo o contrario. O feito de que a resolución de 28 de novembro de 2017 diga

que “sería conveniente que detallara la demanda de información acotando el tipo de gasto, el GALP y el proyecto al que se refiere para poder enviar en un plazo razonable todos los informes solicitados”, non implica que a consellería lle estivera dando un prazo para ampliar a solicitude, senón que a consellería lle explicaba como debía facer novas peticións en relación á información da que dispón para o exercicio das funcións que lle son propias. Pero para a resolución de 28 de novembro de 2017 existe unha resposta clara para todas as cuestións admitidas e unha motivación adecuada para a denegación de información fundada na inxente cantidade de documentación solicitada e o número de efectivos no servizo para preparar a achega.

Quinto.-

Non existe no procedemento específico de transparencia a posibilidade de ampliar a petición, pero sí a de facer cantas peticións de información pública considere oportunas. O exercicio do dereito de acceso á información implica o uso dun procedemento áxil, con breve prazo de resposta, para o que non existe ningún tipo de limitación nin no número de peticións nin no tipo de información, sempre que entre dentro da definición establecida no artigo 24 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e que non teña que ser limitada polos artigos 14 ou 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, por tanto, o reclamante deberá iniciar a correspondente reclamación para a solicitude de nova información de acordo coas peticións de 15 e 18 de decembro e a notificación da súa resolución administrativa, de estar en prazo.

En canto á petición de 29 de outubro de 2017, con resolución de acceso á información pública de 28 de novembro de 2018, entendemos que está claramente respondida á vista da resolución realizada por a Consellería do Mar e o indicado no fundamento cuarto.

En conclusión, a Comisión da Transparencia

ACORDA

En atención aos anteriores antecedentes, fundamentos xurídicos, procede

Único. Desestimar a reclamación presentada por [REDACTED] en representación [REDACTED] con data de 30 de novembro de 2017, contra a resolución de 28 de novembro de 2017 da Consellería do Mar, sen entrar a valorar as peticións de 15 e 18 de decembro de 2017, por tratarse de novas peticións formuladas ante esa consellería, e para as que o interesado non ten presentado ante a Comisión da Transparencia unha reclamación expresa nos termos previstos no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses,

contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 8.3 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 28 de febreiro de 2018

A presidenta da Comisión da Transparencia

Milagros Otero Parga